

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel
Martínez Martín, M^a José
Pena Uris, Gloria M.
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Zas Varela, Mónica

DESCULPA ASISTENCIA

Cebro Barreiro, Sabela
González Santamaría, Pedro

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 27 de novembro de dous mil catorce, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **27 de novembro de 2014** ás 10:38 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 5 de novembro e da extraordinaria do 19 de novembro, ámbalas dúas do 2014.
2. Resolucións das reclamacións ás candidaturas provisionais nas eleccións a representantes nos consellos de departamento e proclamación definitiva de candidatos.
3. Agrupación, se procede, dos electores dunha circunscrición en outra circunscrición, en aplicación do artigo 6.2 do “Procedemento para a elección de representantes de estudantes nos consellos de departamentos”.
4. Declarar concluído o proceso electoral naquelas circunscricións nas que non se superou o número de postos a cubrir.
5. Asuntos varios.
6. Rolda libre de intervencións.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 5 de novembro e da extraordinaria do 19 de novembro, ámbalas dúas do 2014.

Escusa a secretaria xeral o retraso na presentación das actas, debido a motivos persoais, e tras a lectura das mesmas, e realizar pequenas correccións tipográficas, apróbanse por asentimento.

Punto 2. Resolucións das reclamacións ás candidaturas provisionais nas eleccións a representantes nos consellos de departamento e proclamación definitiva de candidatos.

Cede a palabra o presidente á secretaria xeral, quen comenta brevemente a reclamación aceptada de oficio na Secretaría Xeral, relativa a unha alumna que figuraba como candidatas de 3º ciclo aceptada e como excluída no Dpto. de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación. Dado que se confirmou que non está matriculada no curso 2014/2015, cómpre a súa exclusión.

Comenta tamén as reclamacións presentadas polos alumnos que se relacionaban na documentación enviada coa convocatoria, e que se refiren no **Anexo I** desta acta. Trala presentación, apróbanse ditas modificacións por asentimento.

Punto 3. Agrupación, se procede, dos electores dunha circunscrición en outra circunscrición, en aplicación do artigo 6.2 do “Procedemento para a elección de representantes de estudantes nos Consellos de Departamentos”.

A secretaria xeral comenta a proposta de agrupamento realizado dos estudantes de 3 ciclo do Dpto. de Dereito Público Especial na Fac. de CC. Xurídicas, como se refire no **Anexo II**.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Declarar concluído o proceso electoral naquelas circunscricións nas que non se superou o número de postos a cubrir.

Comenta o presidente a relación de departamentos na que pode darse por concluído o proceso electoral, ao non terse presentado candidaturas ou presentarse en número igual ou inferior as de prazas elixibles. Polo que tan só deben realizarse eleccións nos departamentos de:

- Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación. (x-04) de 1º e 2º ciclo
- Psicoloxía evolutiva e Comunicación (X10) – 1º e 2º ciclo
- Dereito Público especial (X13) – 1º, 2º e 3º ciclo

Pregunta D. Federico Fernández se nos departamentos nos que non se realizan eleccións eses candidatos se declaran candidatos electos. Responde o presidente que a declaración de candidaturas é provisional, xa que poderían presentarse reclamacións. A proclamación definitiva realizarase de forma conxunta cando remate a totalidade do proceso e tódolos departamentos.

Punto 5. Asuntos varios.

Non hai.

Punto 6. Rolda libre de intervencións.

Don Federico Fernández e dona Mónica Zas lembran que cando se convoquen as mesas debe terse en conta que os PAS que participan nas mesas electorais teñen dereito a gozar dun día libre despois.

Indica o presidente que se trasladará á Xerencia o pedimento.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:00 h do día 27 de novembro de 2014, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria Mª Pena Uris